

- Á/A - DIRECCIÓN DE RECURSOS HUMANOS
- DIRECCIÓN DE ENFERMERÍA
- U.P.R.L
- DIRECCIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS

Os delegados abaixo asinantes , en representación da CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA DE SAÚDE COMPOSTELA, con enderezo a efectos de notificación en sección sindical CIG-SAÚDE do h. clínico de Santiago de Compostela.

Co obxecto de establecer os criterios básicos que garantan un axeitado uso e manipulación da uniformidade dos/as profesionais e unha minimización do risco microbilóxico a ela asociado, **uniformizando** os criterios de uso e transporte da roupa usada nas unidades da área sanitaria de Stgo, coa finalidade de aumentar a seguridade das profesionais, xa que potencialmente pode ser vehículo transmisor de axentes infecciosos.


Pois ben, como ben sabe é un tema xa tratado na Comisión de Centro Hospitalaria, de mellorar o procedemento de xestión para a reposición e recollida da uniformidade dos profesionais desta Área Sanitaria.

E ante unha emerxencia de saúde pública, como é o COVID-19, diante desta situación nos estaría demais, organizar o traballo, enfocado no día a día o que conleva a **uniformidade do persoal**, exposto a facer coidados con posibles portadores ou con portadores confirmados, sexa no ámbito hospitalario, como no ámbito da atención primaria ou do domicilio das persoas infectadas.

Somos coñecedores das medidas preventivas tomadas sobre este tema, pero tamén somos coñecedores de que en moitas ocasións os/as traballadores/as non teñen uniformidade en cantidade suficiente (ben sexan persoal contratado ou calqueira outro) ou ben o circuito de lavado non provee as unidades no tempo e cantidade suficiente para facer un uso adecuado e responsable, e sobre todo seguro da uniformidade, tendo en ocasións que ser o propio persoal o que se faga cargo do lavado polos seus medios, ben sexa por deterioro da uniformidade, extravío/perda ou non reposición a tempo, por parte da empresa encargada a tal efecto.

E para unha mellor organización, xestión e coordinación da unidade de lencería coas distintas unidades/servizos da área sanitaria. Solicitamos:

- Unha axilización na recepción da uniformidade limpa entregada pola lavandería externa e entrega de roupa sucia. Un circuito para desbotar a uniformidade unha vez acabada a xornada de traballo.
- Nas unidades de críticos (Ucis, Reanimación...) e calqueira outra que sexa sensible, que se dispoña de uniformidade á entrada das unidades, en cantidade e tallaxe suficiente.



- Posibilidade de adquisición, de uniformidade desbotable e dun só uso, ao igual que hai noutras Xerencias.
- Información e difusión ao persoal, da importancia de non levar a uniformidade para o sua vivenda.

Santiago de Compostela a 16 de Marzo do 2020



X.M Marcote Baña
Delegado Cig-saúde



Xabier Alvedro Álvarez
Delegado Cig-saúde